

Venres 26, Decembro 2014 | [Movementos sociais](#)

Maceda despide a Francisco Carballo cunha homenaxe

Redacción | [@prazapublica](#)

O pasado 29 de novembro finaba en Salamanca, aos 89 anos de idade, Francisco Carballo, crego, teólogo e historiador. **Este sábado 27 a localidade que o viu nacer, Maceda, acollerá unha homenaxe, que comezará ás 17 horas no Salón Multiúsos da vila, a carón do Centro de Día.** No acto participarán Xabier Oviedo (alcalde de Maceda), Xavier Vence (portavoz nacional do BNG), Cesáreo Sánchez (presidente da AELG), o xornalista Xan Carballa, o presbítero Manuel Peleteiro, Milagros Calvo (sobriña de Francisco Carballo), Bieito Seara (ex alcalde de Maceda) e o investigador Santiago Prol. Na homenaxe, organizada polo Concello de Maceda, proxectarase tamén o vídeo "Francisco Carballo, sempre no corazón".

Acumulou [unha notable produción literaria](#), nomeadamente ensaios e investigacións históricas, entre as que destacan *A igrexa galega* e *Historia de Galicia* ou as obras sobre as figuras de Alexandre Bóveda, Moncho Reboiras, Xosé Chao Rego ou Martín Sarmiento. Santiago Prol e Xan Carballa, que participan na homenaxe, publicaron en 2002 un libro de *Conversas con Francisco Carballo*, que permite afondar na súa figura. Recentemente Irmandade TV difundiu [unha das últimas entrevistas realizadas ao escritor](#).

Foi un dos fundadores do semanario *A Nosa Terra* en 1977, do que foi un colaborador constante. Tamén publicou colaboracións en *A Trabe de Ouro* e *Encrucillada*. Mantivo igualmente unha destacada militancia no nacionalismo galego e mesmo chegou a presentarse como candidato ao senado polo BNPG nas eleccións de 1979. En 1981 foi condenado a seis meses e un día de prisión menor e a 20.000 pesetas de multa por calumnias á policía no libro *Historia de Galicia*.

[En 2012 recibiu o premio *Bos e Xenerosos*](#) que cada año entrega a Asociación de Escritoras en Lingua Galega (AELG) recoñecendo "o carácter ético da súa obra e o seu compromiso co país". Nese acto Mercedes Queixas destacou que Carballo "ao longo de máis de corenta anos participou, coa súa investigación histórica e a súa

imprescindíbel reescrita, xunto ao seu activismo, en dotar de contidos vertebradores a realidade social e cultural de Galiza, o que o converte hoxe nunha figura referencial para a cultura e a sociedade galega no seu conxunto". De igual xeito, tras coñecer a nova do seu pasamento, Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, destacaba que Carballo "foi un home que abriu camiños na investigación histórica de Galicia" e que "incidía en que os galegos e galegas temos que coñecer a nosa propia historia e liberarnos daquela que nos veu imposta dende fóra".

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.